

# 15 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TITERES DE REDONDELA

*memorial Juanjo Amoedo*

15 FESTIVAL INTERNACIONAL DE TITERES DE REDONDELA  
días 20 ao 25 de maio de 2014



## ~~~~~ PROGRAMACIÓN ESCOLAR ~~~~

**MARTES 20 de maio.....**  
10.30h. e 12.00h. Auditorio de Chapela. "A casa do Avó" TANXARINA. Galicia.

**MÉRCORES 21 de maio.....**  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "A casa do Avó" TANXARINA. Galicia.

**XOVES 22 de maio.....**  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "El guardián de los cuentos" LA TARTANA. Madrid.

**VENRES 23 de maio.....**  
10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira. "Antología" JORDI BERTRÁN. Cataluña.

## ~~~~~ PROGRAMACIÓN DE SALA ~~~~

**MARTES 20 de maio.....**  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. Documental-Homenaxe a Juanjo Amoedo.

**MÉRCORES 21 de maio.....**  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Sopa de ladrones" TITIRITAINAS. Ecuador. +10

**XOVES 22 de maio.....**  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "El capote" TEATRO MILAGROS. Chile. +15

**VENRES 23 de maio.....**  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "Sobre la cuerda floja" TEATRO MILAGROS. Chile. +15

**SÁBADO 24 de maio.....**  
17.00h. Auditorio da Xunqueira. "A casa do Avó" TANXARINA TÍTERES. Galicia. Familiar  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "L'alé dels fils" JORDI BERTRÁN. Cataluña. +9

**DOMINGO 25 de maio.....**  
17.00h. Auditorio da Xunqueira. "O príncipe e o parrulo" EMEDOUS. Galicia. Familiar  
21.00h. Auditorio da Xunqueira. "ANTOLOGÍA" JORDI BERTRÁN. Cataluña. +9

Prezos: Nen@s 3€ - Adult@s 5€ Apertura de billeteira dúas horas antes  
de cada función (Sábado e Domingo ás 16.00h.) Aforo limitado.  
Agás martes 20. Homenaxe a Juanjo Amoedo. Prezo 1€.

### EXPOSICIÓN INTERACTIVA "Vida Acuática" de FERROLUAR

Multiusos da Xunqueira. Inauguración: sábado 17 de maio ás 18.00h. Até o 26 de maio.  
Todos os días de 11.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.00h. Prezo 1€.

## ~~~~~ PROGRAMACIÓN DE RÚA ~~~~

### SÁBADO 24 maio

13.00h. Praza do Concello. "Don Roberto" SA MARIONETAS. Portugal.

17.00h. Praza do Concello. "Solista" ROCAMORA TEATRE. Cataluña.

Pista da Xunqueira. Espazo Lúdico "A Casa dos Xogos". Francia. Até 21.00h.

Pista da Xunqueira. Espazo Lúdico "Obradoiro Asoc. Xoeira". Galicia. Até 20.00h.

Xardíns da Alameda. "Óperas" TEATRO TENJ (Automóbil teatral). Rusia. Até 21.00h.

Capacidade limitada. Prezo: 3€.

17.30h. Xardíns da Alameda. "Don Roberto" SA MARIONETAS. Portugal.

Alfonso XII-Praza Alejandro Otero. THE TURRE'S BAND (Música). Galicia.

18.00h. P. da Xunqueira-Alfonso XII. "Evaristo & Cía" TXO TITELLES (Itinerante). Cataluña.

Praza do Concello. "Solista" ROCAMORA TEATRE. Cataluña.

18.30h. Praza da Constitución, Saída do Multiusos. "Les Horsemen" LES GOULUS. Francia.

P. Reveriano Soutullo. "El Caballero sin Caballo" PIZZICATTO TEATRO. Arxentina.

19.00h. Ribeira-Alfonso XII. "Se Busca" SPASMO TEATRO (Itinerante). Castela-León.

19.30h. Praza do Concello. "Solista" ROCAMORA TEATRE. Cataluña.

20.00h. Xardíns da Alameda, saída do Multiusos. "Les Horsemen" LES GOULUS. Francia.

Praza da Constitución-Alfonso XII. "Evaristo & Cía" TXO TITELLES (Itinerante). Cataluña.

20.30h. Xardíns da Alameda. "Don Roberto" SA MARIONETAS. Portugal.

Alfonso XII-Ribeira. "Homocatodicus" L'EXCUSE THEATRE (Itinerante). Francia.

Praza do Concello. "Solista" ROCAMORA TEATRE. Cataluña.

21.00h. Casa da Torre. "AB Normal Life" TRUKITREK & OTTO PANZER. Italia.

Xardíns-Alfonso XII. "Evaristo & Cía" TXO TITELLES (Itinerante). Cataluña.

22.00h. Paseo da Xunqueira-Campo da Feira. THE TURRE'S BAND (Música). Galicia.

### DOMINGO 25 maio

12.00h. Alfonso XII-Ribeira. FANFARRIA TAQUIKARDIA. Galicia.

12.30h. Xardíns da Alameda. "Don Roberto" SA MARIONETAS. Portugal.

13.00h. Praza do Concello. "Solista" ROCAMORA TEATRE. Cataluña.

Xardíns da Alameda. "Óperas" TEATRO TENJ (Automóbil Teatral). Rusia. Até 14.00h.

Capacidade Limitada. Prezo: 3€.

Paseo da Xunqueira-Alfonso XII. THE TURRE'S BAND. Galicia.

18.00h. P. da Xunqueira-Alfonso XII. "Evaristo & Cía" TXO TITELLES (Itinerante). Cataluña.

Xardíns da Alameda. "El Caballero sin Caballo" PIZZICATTO TEATRO. Arxentina.

18.30h. Praza da Torre, saída do Multiusos. "Les Horsemen" LES GOULUS. Francia.

Praza da Alföndiga. "Don Roberto" SA MARIONETAS. Portugal.

20.00h. Casa da Torre. "AB Normal Life" OTTO PANZER. Italia.

Praza da Constitución-Alfonso XII. "Evaristo & Cía" TXO TITELLES (Itinerante). Cataluña.

20.30h. Xardíns da Alameda, saída do Multiusos "Les Horsemen" LES GOULUS. Francia.

Praza do Concello. "Solista" ROCAMORA TEATRE. Cataluña.

Alfonso XII-Ribeira. "Homocatodicus" L'EXCUSE THEATRE (Itinerante). Francia.

21.00h. Xardíns da Alameda. "El Caballero sin Caballo" PIZZICATTO TEATRO. Arxentina.

22.00h. Paseo da Xunqueira. THE TURRE'S BAND. Galicia.

### REDOND-OFF


AS SURIPANTAS (Música). Reveriano Soutullo. Domingo 17.30h./19.00h./21.00h.

CARAMUXO VERMELLO (Música). Campo da Petanca. Domingo 18.00h./19.00h./21.00h.



CONCELLO DE REDONDELA  
CONSELLERÍA DE CULTURA

[www.festivaltiteresredondela.com](http://www.festivaltiteresredondela.com)



"la Caixa"

"la Caixa"



## **EXPOSICIÓN INTERACTIVA "Vida Acuática"**

Vida Acuática é unha colección de 17 pezas que exemplifica a filosofía de Ferroluar: crear con materiais reciclados e dar unha segunda vida á chatarra.

Os espectadores quedan apampados mentres pasean entre esta fauna tan especial e admiran o contraste dos materiais usados coa sensación de realidade que transmiten uns movementos tan orgánicos. Séntese o son do mar e o renixer da chatarra.

Todas as bestas funcionan cuns mecanismos que se activan mediante sensores de movemento, de forma que o público interactúa directamente coas pezas. Créase unha linguaxe home-máquina que ainda fai más apaixonado o mundo da vida acuática.



Multiusos da Xunqueira. Inauguración: sábado 17 de maio ás 18.00h. Até o 26 de maio.  
Todos os días de 11.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.00h. Prezo 1€.

## **DOCUMENTAL "Eu coñecín a Juanjo Amoedo"**

Documental-homenaxe a Juanjo Amoedo con guión e montaxe de Cuchi Carreira.

Juanjo Amoedo é sen dúbida algunha unha das persoas máis influentes no F.I.T, pero, quen é Juanjo Amoedo?. No documental "Eu coñecín a Juanjo Amoedo" percorreremos a vida dun home fascinado pola cultura do seu pobo e con moitas inquedanzas artísticas como a de crear un Festival Internacional de Títeres. A mala fortuna non deixou ver a Juanjo que o seu soño sería unha realidade.



Martes 20 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira.


## TANXARINA (Galicia)

Fundada en 1983 por ex-alumnos de Harry Tozer e por outros profesionais galegos do teatro infantil, desde entón converteuse nunha das formacións más recoñecidas e prestixiosas do teatro de monicreques, tanto dentro como fóra de Galicia.

### "A casa do Avó" (Actores e siluetas)

Un neno recibe o aviso de que o seu avó vai ser desaloxado da súa casa embargada por un banco. O neno pon en marcha un plan para axudar ao seu avó e dispárarse un mundo de pequenas e divertidas aventuras, nun encontro entre o cómico e o poético, que desembocan nun final feliz.

Martes 20 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio de Chapela / Mércores 21 ás 10.30h. e 12.00h. Auditorio da Xunqueira (Escolares)  
Sábado 24 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira (Familiar)



## LA TARTANA (Madrid)

Juan Muñoz, director e fundador da compañía, descubriu a súa paixón polos monicreques da man de Paco Peralta. Dende hai uns anos está centrado na construcción e dirección das obras, ás que sempre engade o seu propio selo.

### "El Guardián de los cuentos" (Monicreques e actor)

É o último día dunha vella biblioteca. Matías, o bibliotecario, observa que varios libros caen ao chan. Irá abrindo moitos dos nosos contos favoritos e percorrendo as súas aventuras.

Xoves 22 ás 10.30h. e 12.30h. Auditorio da Xunqueira (Escolares)



## JORDI BERTRÁN (Cataluña)

Jordi Bertrán é recoñecido internacionalmente como un dos grandes especialistas na manipulación de marionetas. Nos seus espectáculos o movemento, o detalle insinuante e o xesto orgánico producen un magnetismo hipnótico, que cativa ao espectador.

### "Antología" (Marionetas de fío)

Ópera prima de Jordi Bertrán, estreouse en 1987 e continúa na actualidade visitando palcos dos cinco continentes. A escena móstrase espida, cunha precisa escenografía, apoiada por un delicado tratamento da luz. A relación entre creador e obxecto deriva nunha coreografía tecnicamente perfecta. Un clásico do teatro de marionetas.

Venres 23 ás 10.30h. e 12.30h. Auditorio da Xunqueira (Escolares)

Domingo 25 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)



### "L'alé dels fils" (Marionetas de fíos)

Estruturado baixo a fórmula do cabaré, nesta obra a voz e as cancións, escritas na súa maioría por Jordi Bertrán, actúan como condutor do armazón de historias que tecen os fíos dos personaxes: cada historia unha escena, cada escena un impulso, un anhelo que dá vida e movemento a cada marioneta.

Un espectáculo visual no que a música en vivo, o movemento, os pequenos conflitos e a poética do xesto son os fíos que cohesionan un espectáculo de nivel internacional.

Sábado 24 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+9 anos)



## TITIRITAINAS (Ecuador)

“Defender a alegría” é a misión que, hai máis de vinte anos, Yolanda Navas quixo levar adiante cos monicreques dende Ecuador.

Para Yolanda Navas o monicreque é ese trasno marabilloso que se mantén impune, é irreverente e contestatario e está sempre máis aló do ben e do mal.

### "Sopa de ladrones" (Monicreques de luva)

A posta en escena nace no popular barrio de “La Chilena”, no centro de Quito, e ten todo o ambiente e o humor quiteño. Sen ser localista, manifesta gran identidade, e nela descubriremos todos os seus personaxes.

Conta a historia de dona Carlota Tolón e Tolón, xubilada, solteiriña e devota de San Antonio, quen a través das súas oracións espera que o santo lle cumpra o milagre, é dicir, darrlle un marido.

Un día, ao regreso do mercado, vivirá as más disparatadas aventuras cun ladrón de pouca sona e un representante do sector empresarial, cuxa tarefa é “rematar” coa fame dos máis pobres.

Unha vez arranxados os asuntos, coa axuda dos seus rezos e a pesar dos consellos da xente, dona Carlota decide dar por terminada a súa “solteiría”.

Mércores 21 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+10 anos)



## **TEATRO MILAGROS** (Chile)

A compañía, creada polas actrices Paola Giannini e Aline Kuppenheim, naceu en 2005 coa súa versión de *O capote* de Gógor. As súas obras integran disciplinas artísticas, profundando nas técnicas de manipulación de marionetas para crear un “teatro realista en miniatura”: os bonecos parecen actores a escala que respiran e senten.

### **"El capote"** (Monicreques de variña)

Baseado no conto do escritor ruso Nicolai Gogol conta a conmovedora historia de Akakievich. Un relato de carácter universal que aínda que foi escrito en 1842, mantense vixente a día de hoxe en calquera parte do mundo.

Xoves 22 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+15 anos)

### **"Sobre la cuerda floja"** (Monicreques de variña)

Texto para nenos escrito polo dramaturgo inglés Mike Kenny. A súa particularidade está na temática que aborda, cunha linguaxe e un tempo pouco convencionais en teatro. Na obra, un home que acaba de enviuar esperá a visita da súa pequena neta durante o final das vacacións. A nena non sabe da morte da súa avoa e o home non sabe como dicirilo. Sen atopar a forma, inventa que a avoa marchou co circo para ser equilibrista. A montaxe combina delicados bonecos e animacións en stop-motion.

Venres 23 ás 21.00h. Auditorio da Xunqueira (+15 anos)



## **EMEDOUS** (Galicia)

A produtora EMEDOUS presenta este espectáculo froito da colaboración coa compañía Gorakada.



### "O príncipe e o parrulo" (Monicreques e actores)

Esta é unha pequena historia, tan pequena que só precisa un castelo, unha árbore e unha casa para ser contada. Pero esta pequena historia fala de cousas moi grandes. Nela, dous pequenos personaxes descobren que non hai nada tan divertido como ter alguén con quen compartir, con quen xogar. Decátanse de que non hai nada tan grande coma un amigo.

Domingo 25 ás 17.00h. Auditorio da Xunqueira. (Familiar)

## **SA MARIONETAS** (Portugal)

Esta compañía tivo o privilexio do contacto directo co Mestre António Dias, un dous últimos fantocheiros populares portugueses; recreou, a partir do seu testemuño, dúas pezas (O Barbeiro e a Tourada), que compoñen o repertorio deste espectáculo de rúa.

### "Don Roberto" (Monicreques de luva)

Orixinario da tradición europea de marionetas de luva, que tivo a súa orixe na Polichinela da Comédia Dell'Arte Italiana do séc. XVI, o Teatro de Robertos Português, mantén as características propias desta forma de teatro tradicional. Apareceu en Portugal no séc. XVIII, mantívose case inalterado até mediados do séc. XX, altura en que entrou en decadencia, pola concorrenza con formas más contemporáneas de entretenimento popular.

Sábado 24 ás 13.00h. Praza do Concello.

17.30h. e 20.30h. Xardíns da Alameda.

Domingo 25 ás 12.30h. Xardíns da Alameda.

18.30h. e 19.30h. Praza da Alfóndiga.



## **ROCAMORA TEATRE** (Cataluña)

Carles Cañellas, marionetista desde 1976, foi Profesor do Institut do Teatre de Barcelona, dirixiu espectáculos doutras compañías e ten traballou en cinema e televisión como actor e tamén construtor e animador de marionetas e obxectos. Desde 1987 traballa con Susanna Rodríguez, titiriteira, ex-bailarina de danza contemporánea.

### **"Solista"** (Marionetas de fío)

Tras 37 anos de traxectoria profesional no teatro, Cañellas, decano dos marionetistas de fío cataláns, considerado pola crítica internacional como un dos máis hábiles marionetistas europeos, presenta como solista e en forma de relato dunha longa viaxe, un compendio da súa producción para marioneta de fío. Galardón á Mellor Animación de Monicrequés do "11th. World Festival of Puppet Art 2007" de Praga.

Sábado 24 ás 17.00h., 18.00h., 19.30h. e 20.30h. Praza do Concello.  
Domingo 25 ás 13.00h., 17.30h. e 20.30h. Praza do concello.




## **TEATRO TENJ** (Rusia)

Teatro «Tenj» estableceuse en Moscú en 1988 como compañía teatral familiar trala unión de Maya Krasnopol'skaya e Ilya Epelbaum.

A compañía experimenta sobre ideas e propostas teatrais inusuais e inesperadas.

### **"Óperas"** (Automóbil teatral)

Automóbil que alberga no seu interior un teatro co seu escenario, luces e onde representarán as óperas mais famosas do mundo. Cada representación dura 10 minutos aprox.



Sábado 24 de 17.00h. a 21.30h. Xardíns da Alameda.

Domingo 25 de 13.00h. a 14.00h. e de 17.00h. a 21.00h. Xardíns da Alameda.

Capacidade limitada. Prezo: 3€.

## **TXO TITELLES** (Cataluña)

Nartxi, fundador e membro de Taun-Taun, e Esther, fundadora e membro de Tanxarina e de Zootrop, xuntanse no ano 1998 para unir a súa profesionalidade e "saber facer". Sen perder a filosofía de procura e innovación seguen creando espectáculos no seu taller.

### **"Evaristo & Cía"** (Teatro de rúa itinerante)


Evaristo, personaxe intrépido e simpático, percorre as rúas da cidade a ritmo de Heavy Metal, sobre a súa reciclada moto chea de dispositivos e inesperados mecanismos. O desamañado Antonio, garda urbano que sempre o acompaña, é o encargado de regular o fluxo de público provocando divertidas e animadas situacións.

Sábado 24 ás 18.00h. Paseo da Xunqueira-Alfonso XII.

21.00h. Xardíns da Alameda-Alfonso XII.

Domingo 25 ás 18.00h. Paseo da Xunqueira-Alfonso XII.

.20.00h. Praza da Constitución-Alfonso XII.



## **LES GOULUS** (Francia)

Compañía con más de dez espectáculos nas súas costas, defenden a interacción co público e a improvisación.

### **"Les Horsemen"** (Teatro de rúa)


Tres famosos xinetes franceses van executar unha demostración de adestramento, en vista dos próximos xogos olímpicos. Representan a imaxe caricaturizada dos franceses: arrogantes e seguros de si mesmos.

Sábado 24 ás 18.30h. Praza da Constitución. Saída do Multiusos.

20.00h. Xardíns da Alameda. Saída do Multiusos.

Domingo 25 ás 18.30h. Praza a Torre. Saída do Multiusos.

.20.30h. Xardíns da Alameda. Saída do Multiusos.



## **PIZZICATTO TEATRO** (Arxentina)


Gerardo Óscar Capobianco, de nacionalidade arxentina, residente en España desde o ano 2002, é o Fundador de "Pizzicatto Teatro y Títeres", da ONG cultural e humanitaria "La Imaginaria", e do CIT Centro Integral del Títere del Mar del Plata.

### **"O Cabaleiro sen cabalo"** (Títeres de luva)

Hai moito tempo, nunha época máxica chea de misteriosos seres e castelos encantados, un trobador cantou esta fantástica aventura de acción e disparates

Sábado 24 ás 18.30h. e 20.00h. Praza Reveriano Soutullo.

Domingo 25 ás 18.00h. e 21.00h. Xardíns da Alameda.



## **SPASMO TEATRO** (Castela-León)

Desde os seus inicios no teatro, compaxina a sala con diferentes espectáculos de rúa baseados na interactuación co público, as cores e a diversión, que move con gran éxito a nivel nacional e internacional.

### **"Se busca"** (Teatro de rúa itinerante)

O vaqueiro, o buscador de ouro, o indio, a bailarina e o cowboy acaban de atracar un banco e van percorrendo a poboación repartindo o botín. 6 personaxes, dólares polos aires, música e moita diversión!

Sábado 24 ás 19.00h. Ribeira-Alfonso XII. / Domingo 25 ás 19.30h. Alfonso XII-Ribeira.



## L'EXCUSE THEATRE (Francia)

Baixo a dirección de Dominique Lajoux a compañía busca a poética do cómico cunha mestura de cine, música e clown.

### "Homocatodicus" (Teatro de rúa)

En plena mutación aquí está, despois do "Homo Erectus", o "Homo Cathodicus", listo a invadir todos os imaxinarios.

Afortunadamente conservaron dos seus anteriores o que lle é propio ao home: o asombro e a risa. Un espectáculo que mestura o teatro de rúa, de marioneta e as novas tecnoloxías.

Sábado 24 ás 20.30h. Alfonso XII-Ribeira.

Domingo 25 ás 19.00h. Ribeira-Alfonso XII.

20.30h. Alfonso XII-Ribeira.




## TRUKITREK & OTTO PANZER (Italia)

OTTO PANZER é un dos pallasos más coñecidos de Italia. Da fusión coa compañía Trukitrek nace o seu primeiro espectáculo non falado, onde a potencialidade do seu clown interior queda patente.

### "AB-Normal Life" (Actor e boneco)

Abelardo é un mozo normal cunha vida normal nun corpo extraordinariamente grande, nun mundo que resulta demasiado pequeno para el. O encontro inusual e inesperado cun bebé transformará a vida de Abelardo nunha experiencia total, chea de vida, sorpresas, poesía e dor.



"Mellor Espectáculo de Rúa - FETEN 2014", Feira Europea de Teatro para Nenos e Nenas, en Xixón.

Sábado 24 ás 21.00h. Casa da Torre. / Domingo 25 ás 20.00h. Casa da Torre.

# CONCERTO-ESPECTÁCULO "SONTITIRITEIRO"

Presentación do CD musical SONTITIRITEIRO, composto e interpretado por grupos e cantantes de Redondela, nunha festa lúdica e divertida.

Na música:

PIPA'S BANDA / CIRCO DE PULGAS / CARAMUXO VERMELLO / LOS WALTER MATHAUS / OS CROQUETAS / RETROBLUES / SACHODIXEN / ALBERTO VILAS / A BANDA DO PIPA / OPENICOOVOFRITO / LOLO NANTES / OS CARAMBOLOS & MARÍA FUMAÇA / THE SILENCE / BLACK NOTES / SUSO CAMESELLE / OS RABAQUETAS / SETE CUNCAS / R.M.S / TOK.

Na animación:

COMPAGNIE L'EXCUSE "Homo Catodicus" / SPASMO TEATRO "Se busca" / TXO TITELLES "Evaristo y cía"

E por se fora pouco, haberá tamén proxeccións, pirotecnia e más sorpresas.....

UNHA FESTA PARA NON PERDER!!!!!!

Sábado 24 ás 23.30h. Campo da Feira.



## OBRADOIRO ASOC. XOEIRA (Espazo lúdico)

Xoeira é unha asociación redondelá para o desenvolvemento comunitario, que realiza proxectos e actividades que favorecen a cohesión social dunha maneira participativa e lúdica.

Un ano máis o Festival gozará dunha novedosa proposta de Xoeira: creación de diferentes monicreques, elaboración dun teatrito, expresión libre...

Sábado 24 de 17.00h. até 20.00h. Pista da Xunqueira.  
Domingo 25 de 17.00h. até 20.00h. Pista da Xunqueira.



## XIRAMUNDOS "A CASA DOS XOGOS" (Espazo lúdico)

O xogo é parte da cultura. Os xogos, coma os seres humanos, desprázanse, adáptanse, cambian de regras, pero manteñen as súas esencias. O patrimonio lúdico co que contamos debe ser coñecido e recoñecido. A casa dos xogos é unha ludoteca itinerante chea de vida, diversión e aprendizaxe. Foi creada co fin de dar a coñecer os xogos de taboleiro, billares tradicionais e xogos pedagóxicos novos, cuxas orixes se sitúan en distintos países, culturas e épocas.

A madurez do ser humano é volver a atopar a seriedade coa que xogaba cando era neno.

Sábado 24 de 17.00h. até 21.00h. Pista da Xunqueira.  
Domingo 25 de 17.00h. até 21.00h. Pista da Xunqueira.



## THE TURRE'S BAND (Música)

Grupo formado na primavera do 2001 en Torroso (Mos). Cunha formación composta por ventos e percusións, The Turre's Band propón un innovador repertorio musical cheo de ritmos coma o ska, swing, blues, música balcánica e mesmo música galega.

No apartado discográfico o grupo ten actualmente no mercado, ademais dunha colaboración nun disco das Cantareiras "Malvela", dous álbunes musicais: "Algho Hai!"(2006) e "A última verbena"(2010). Neste último traballo o grupo ten colaboracións de importantes compositores e artistas galegos como Ernesto Campos, Juan Eiras ou Laura Quintillán, entre outros moitos.

Donas e cabaleiros prepárense para mover o cu ao ritmo destes "delincuentes" chamadoooo...  
The Turre's Band.

- Sábado 24 ás 17.30h. Alfonso XII-Praza Alejandro Otero  
20.00h. Soportais do Concello Alfonso XII  
22.00h. Paseo da Xunqueira- Campo da Feira
- Domingo 25 ás 17.00h. Paseo da Xunqueira-Alfonso XII  
19.00h. Praza da Constitución  
22.00h. Paseo da Xunqueira




## **REDOND-Off**

O obxectivo de esta sección é catalizar e dar saída a propostas locais que desean participar no Festival dándolle un espazo propio para presentar os seus traballos.

### **CARAMUXO VERMELLO (Música e teatro)**

Música con un alto contido teatral, unha sonoridade novedosa e un estilo progresivo caracterizado por ritmos arriscados, melodías evocadoras e letras poéticas con pinceladas de humor, ao que chaman R&F (Ritm & Free).

Neste espectáculo os temas musicais forman parte dunha viaxe que, a través dos músico-monecos serán introducidos con presentacións "titirilizadas". O público é partície do show de comezo a fin. Todo un paseo por un amplio abano de sentimientos.



Domingo 25 ás 18.00h., 19.00h. e 21.00h. Campo da Petanca.

### **AS SURIPANTAS (Música)**

Unha ducia de flores, mulleres fermosas, sabias e coa enerxía da terra, comparten a idea de reivindicar a figura da muller na música, e así xorde "As Suripantas"

Domingo 25 ás 17.30h., 19.00h. e 21.00h. Reveriano Soutullo.



## CALCETÍN FURADO (Música)

Agrupación musical de charanga-folk do máis diverso e festivo, cunha enerxía chea de ledicia e paixón que saben transmitir coma ningúén. É unha banda habitual de feiras e mercados e ademais atende propostas e xiras nacionais e internacionais.

Música tradicional cun espírito de rúa que sae dende o corazón

Domingo 25 ás 17.30h. Xardíns da Alameda-Alfonso XII



## FANFARRIA TAQUIKARDIA (Música)

Esta agrupación caracterízase polo seu enfoque directo do son, os ritmos acelerados, a adrenalina coa que se move, o seu escollido repertorio e o nivel de interacción que acada co público.

O seu estilo vén definido polas músicas de raíz, folk balcánico e influencias klezmer.

Domingo 25 ás 12.00h. Alfonso XII-Ribeira  
13.45h. Xardíns da Alameda



## MONICREQUES POLA GORRA

Espazo dedicado aos "cómicos da legua", fantocheiros itinerantes, que ao longo do festival se presentan en Redondela para dar a coñecer os seus espectáculos á calor do público asistente.

Non hai espazos, nin horarios... so é necesario ter ganas de pasalo ben e deixarse sorprender por eses artistas que á volta do camiño nos convidan a festexar a vida.

